SEXTO: O departamento de urbanismo encargarase a través da directora do servizo da tramitación posterior a esta aprobación inicial, incluíndo a remisión dos certificados aos diferentes organismos ou administracións que indique a normativa e anuncios para información pública sen prexuízo do auxilio ou asesoramento que a dependencia de Secretaría I le podan prestar. >>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA ESPECIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL, do día 24/10/2014, sendo este favorable.

O alcalde quere expoñer unha serie de cuestións en relación a este documento:

- As vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal aprobáronse o 18.09.1985, constituíndo un documento con vintenove anos de antigüidade e polo tanto non adaptado ás actuais determinacións legais, tanto de carácter urbanístico como sectorial.

- Lembrar tamén a existencia de dous intentos fallidos no ano 2002 e 2007 de dotarse desta ferramenta e un custe de máis de 500.000 euros do erario público. Este é por tanto un momento importante transcendental para a Ordenación Urbanística de Rianxo e alicerce do desenvolvemento do noso Concello.

- A necesidade de redacción dun documento de planeamento urbanístico de ámbito municipal, xustifícase na propia obsolescencia do planeamento vixente, pola súa antigüidade, pola súa desadecuación ao marco legislativo, pola evolución da problemática urbanística municipal e pola propia evolución das técnicas e prácticas urbanísticas nas últimas décadas.

Neste contexto impúlsase desde o Concello de Rianxo a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal que con esta aprobación inicial despois de anos de traballo se abre á participación veciñal para a súa discusión e mellora, para facelo máis noso. Unha participación que vai máis alá da mera consulta para poder incorporar alegacións, que se engadirán tamén as suxestións realizadas antes desta aprobación.

Iso sí lembrar que temos uns límites establecidos pola lexislación vixente: estatal, autonómica e tamén dentro dos principios que rexen este plan, que é o correcto dimensionamento da proposta, a sostibilidade financeira e medioambiental, o axeitado dimensionamento urbanístico, do que se propoña. Do mesmo xeito que bebe tamén do deseño realizado no seu día polas Normas Subsidiarias trasladada a día de hoxe.

Non vai contentar a todos, cada parcela non vai ser seguro un solar, nin con este plan nin con outros que cumpran as ordenacións vixentes. Tampouco vai esgotar a capacidade de Rianxo para chegar a substituílo co tempo por outro plan que o mellore e o deixe caduco.

Rianxo está nunhas boas condicións para impulsar un proxecto equilibrado de ordenamento urbano e territorial dentro da comarca do Barbanza, coa inserción territorial na marxe norte da Ría de Arousa, cercana ás terras de Iria e coa Serra do Barbanza como telón paisaxístico de excepción, enfocado cara á oferta dotacional do seu territorio, a atracción de

novos residentes, novas actividades económicas e empresariais, e o mantemento no resto do territorio da base rústica de soporte, preservando e valorando a boa calidade medioambiental, paisaxística e patrimonial, que debe estar presente en todas as opcións de planeamento. neste senso o esforzo de buscar a protección de moitos elementos patrimoniais, algún deles incorporados desde un informe arqueolóxico inicial do 2002 e enriquecido con incorporacións até uns días antes de pechar o documento.. Este conxunto de condicións xustifica a conveniencia de abordar a redacción do Plan Xeral Municipal de Ordenación, documento que permitirá o afianzamento das iniciativas do Concello de Rianxo e dos particulares, producíndose a súa integración nas decisións estratéxicas da planificación que se poden levar a cabo no marco da nova estrutura territorial definidas nas Directrices de Ordenación do Territorio aprobadas pola Xunta de Galicia.

Desde o punto de vista da ordenación territorial o planeamento debe adaptarse ás novas categorías de solo establecidas na lexislación urbanística, enmarcadas nun proceso miúdo de revisión das determinacións vixentes, capaz de definir un adecuado modelo territorial sobre a base dunha información cartográfica actualizada.

Por outra parte o novo marco legal urbanístico permite afinar na cualificación dos núcleos rurais do municipio, ordenando a súa clasificación como solo de núcleo rural enriquecendo os criterios e cualificacións protectoras dos valores agrícolas, paisaxísticos, medioambientais e patrimoniais. Foi sempre unha teima deste equipo dar saída ás necesidades da xente de vivir en Rianxo, non só na vila e nos núcleos urbanos senón atender ás demandas do rural.

Aprobado o planeamento municipal vixente conforme á lexislación urbanística de 1976, e a súa adaptación a Galicia mediante Lei 11/1985, hoxe procede adaptalo ás esixencias da **Lei 9/2002** e das modificacións producidas, entre outras, polas seguintes normas:

1. Lei 15/2004 de 29 de decembro.
2. Lei 6/2007 de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e o litoral de Galicia
3. Lei 6/2008 de medidas urxentes en materia de vivenda e solo e
4. Lei 2/2010 de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, e aquelas outras que debeñen de lexislacións sectoriais (Lei 3/2008, de ordenación da Minería de Galicia, Lei 15/2010, de medidas fiscais e administrativas, Lei 8/2012, de vivenda).

Dende o punto de vista da lexislación estatal prodúcese a adaptación ás determinacións do Real Decreto Lexislativo 2/2008 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo.

Tamén precisa atenderse ao Plan do Litoral aprobado mediante Decreto 20/2011, de 10 de febreiro.

O Plan establece un total de 3258 vivendas. Delas 1.190 corresponden á solo de núcleo rural. Isto é unha de cada tres.

Abrírase a exposición pública. Dous meses a instalarse con axuda técnica no Cuartel Vello para que todo o mundo poida acceder ao documento e presentar as alegacións oportunas.

O Acordo de aprobación inicial dos instrumentos de ordenación determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto do planeamento no caso en que as novas determinacións deste supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente.

Polo tanto, e conforme ao establecido no artigo 77.2 da LOUGA, co acordo de aprobación inicial do Plan Xeral suspéndense o outorgamento de licenzas de parcelación dos terreos,

edificación e demolición no conxunto do territorio municipal.

Non obstante, poderanse outorgar licenzas nos seguintes casos:

1. En solo rústico poderán outorgarse licenzas sempre que simultaneamente se cumpran as condicións do planeamento vixente e as do plan aprobado inicialmente, aplicando para o primeiro o establecido na Disposición Transitoria Primeira f.) da LOUGA.
2. No solo de núcleo rural, sempre que simultaneamente se cumpran as condicións do planeamento vixente e as do plan revisado aprobado inicialmente, aplicando para o primeiro o establecido na Disposición Transitoria 1a e) da LOUG.
3. En solo urbano sempre que simultaneamente se cumpran as condicións do planeamento vixente e as do plan aprobado inicialmente, aplicando para o primeiro o establecido na Disposición Transitoria Primeira b) e c) respectivamente da LOUGA.
4. Igualmente poderán outorgarse licenzas que teñan por obxecto a realización de obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso previsto, así como aquelas para obras de rehabilitación, consolidación e reforma cumprindo as condicións establecidas nas Normas Subsidiarias vixentes e no Plan aprobado inicialmente.

A suspensión de licenzas terá unha duración máxima e dous anos contando desde a devandita aprobación inicial, e en calquera caso extinguirase coa aprobación definitiva do planeamento.

Entre as novidades do plan comentar:

- a existencia de novos viais, algúns de titularidade da Deputación até a Pedreira
- Cemiterio Municipal na zona da canteira de Rianxiño.
- Ampliación do polígono industrial.
- Zona de intercambio de vehículos na rotonda de Té.
- Vial que comunica o cemiterio co Xogo dos Bolos, etc ligado á urbanización zona.
- Proposta para unha nova entrada en Rianxo na zona de Rinlo.
- Busca de solución á finca dos Baltar en Tanxil.
- Cubrir trama urbana en Rianxo con espazos hoxe encaixados entre zonas urbanas.

O PXOM contempla a protección de todo o novo patrimonio, incorporándose ó plan o control arqueolóxico anterior e aínda así, incluso coa deforestación debida aos incendios que houbo, apareceron novas áreas arqueolóxicas que se incorporaron.

Remata dicindo que comeza un período ilusionante. De ser aprobado, viran logo as peticións de ata 15 informes sectoriais, das dos concellos limítrofes, das alegacións veciñais, etc.

Ábrese o **DEBATE**:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a Vanesa Martínez Duran, di que o PP se absterá ata ver o parecer dos veciños e unha vez consultado con especialistas e tras recibir

todos os informes sectoriais pronunciáranse.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, comeza a súa intervención chamándolle a atención a postura do Partido Popular, cómoda, á espera do que digan os veciños.

Di que a aprobación Inicial do PXOM é un paso importante pero debemos ser conscientes de que só é un avance de cara a súa aprobación definitiva. O percorrido que falta vai ser moi laborioso e nada fácil. Temos a seguridade de que non vai contentar a todos. De seguro recibiremos críticas. Estamos abertos a recibilas pero tamén esperamos a colaboración positiva para que este PXM sexa o de todos. O goberno asume o compromiso, estima que é preciso dispor desta regulamentación que irá máis aló das eleccións municipais de maio de 2015, e que desenvolverase ao longo duns 16 anos, ademais conta cos parabéns da Secretaria Xeral de Ordenación Territorial urbanística.

Rianxo cambiou moito desde que en 1985 se aprobou o actual planeamento vixente. A propia evolución da problemática urbanística dada nos últimos 29 anos, así coma o novo escenario municipal, fai imprescindible a redacción deste novo documento urbanístico. Ó longo deste tempo aprobáronse novas leis, tanto a nivel autonómico como estatal. Este PXOM que hoxe presentamos para a súa aprobación inicial contempla a adaptación a lei actual de Ordenación Urbanística e de Protección de Medio Ambiente do 2002 e tamén está adaptado a lei estatal de 2008 da Lei do Solo.

Antes de adentrarnos no desenvolvemento do documento debemos significar que o Plan é moito máis que un relatorio de parcelas posibles para edificar: O PXOM é o documento onde tentamos planificar o futuro Rianxo.

Con este obxectivo, estudouse o Rianxo que foi, o Rianxo que é, realizáronse estudos de campo con alineacións, redes de subministro e con fichas individuais por núcleo, actualizáronse as cartografías...

En base os datos recollidos, presentamos unha proposta co Rianxo que queremos para os próximos anos, para o Rianxo do 2030.

- Un Rianxo que posibilite e favoreza de igual modo a vida no urbano que no rural
- Se propoñen fórmulas para que a convivencia entre o sector industrial sexa compatible co sector terciario ou comercial.
- Tamén co desenvolvemento da produción agraria ou forestal, dos oficios tradicionais, da pesca e acuicultura, do turismo e do comercio.
- Aproveitase a situación privilexiada da situación do Parque empresarial e do Porto pesqueiro, deportivo e de ocio para incentivar a economía e o emprego.

Todos estes factores, amén da protección dos recursos naturais, culturais e patrimoniais, son contemplados neste documento.

Presentamos un PXOM que se achega o máis posible ás necesidades e demanda dos veciños.

Aínda así, temos a certeza de que no momento que se expoña publicamente o interese da maioría estará principalmente centrado en como se clasifica a parcela de cada quen. É lexítimo e normal este interese, pero tamén o é que nós presentemos un PXOM pensado no interese público xeral. É a parte que nos corresponde, a que nos toca defender contra aqueles que só vexan este PXOM coa lupa do interese privado.

Na actualidade Rianxo presenta unha serie de condicións favorables para impulsar un proxecto equilibrado de ordenamento urbano e territorial dentro da comarca do Barbanza. Entre elas:

- A Autovía do Barbanza. A súa posta en funcionamento é esencial para o crecemento das vilas localizadas neste territorio, con especial incidencia para Rianxo que se posiciona como porta-vila no sistema Urbano do Barbanza.

- O Parque Empresarial. A súa implantación preséntase como unha oportunidade para consolidar a base industrial e en xeral as actividades de produción e distribución dada a súa posición vantaxosa de accesibilidade na comarca e de proximidade ao Eixo Atlántico.

O efecto encadeado do desenvolvemento empresarial (na perspectiva da saída da crise) permite imaxinar un escenario de reforzamento do sector servizos urbanos polarizados nas últimas décadas na veciña localidade de Boiro.

O Porto constitúe outro elemento de dinamización no ámbito pesqueiro e tamén no deportivo e de ocio.

Os recursos naturais e culturais acumulan potencialidade para o desenvolvemento dunha maior atractividade turística e o perfil residencial está garantido polo pulo experimentado pola Vila,

Sendo así, este PXOM parte dun Rianxo capaz de atraer actividades vinculadas ao sector terciario e de servizos, a reforzarse co desenvolvemento industrial e empresarial presente nun espazo consolidado e ben relacionado co Parque Empresarial, con capacidade de expansión, formulando para ilo os seguintes Obxectivos específicos:

- Ancorar Rianxo como vila intermedia no sistema urbano do Barbanza e nó de recepción da súa Comarca e, apoiándose nas boas condicións de accesibilidade, mellorar a súa integración no conxunto subrexional da ría de Arousa.

- Fortalecer a estrutura urbana da Vila e dos núcleos urbanos secundarios de Taragoña e Asados formalizando un modelo compacto e continuo.

- Establecer un modelo de desenvolvemento urbano correctamente dimensionado e adaptado as demandas previsibles, atento á mellora do conxunto dos núcleos rurais

- Potenciar o Parque empresarial e o Porto, así como reforzar e optimizar os recursos turísticos.

O Plan contempla a previsión da ampliación do parque empresarial destinada a un uso especializado e de apoio ás empresas que se localicen no Parque. A proposta de ampliación situase no contorno do Parque Empresarial nun ámbito de pouca incidencia ambiental.

Obxectivos Xerais do Plan

- Que o documento teña un axeitado grao de calidade técnica, capaz de responder ás demandas do desenvolvemento urbano derivado da ampliación da base económica e da potenciación dos recursos locais.

- Profundar na mellora da calidade dos servizos públicos, as infraestruturas, as dotacións e equipamentos e a urbanización do espazo público dos núcleos urbanos e rurais, factor básico sobre o que asentar a estratexia de desenvolvemento que se define para Rianxo.

- Consolidar o actual modelo de asentamentos, no que os núcleos rurais deberán ser identificados cun criterio de delimitación acorde as súas necesidades.

- Consolidar a defensa, recuperación e posta en valor dos recursos medioambientais e do patrimonio cultural, como base dunha estratexia da actuación municipal, garantindo a protección das tramas históricas e dos espazos naturais, prestando especial atención á ordenación do bordo costeiro., conforme o POL.

Estrutura Xeral da Ordenación

O modelo xeral proposto apoiase nos seguintes niveis estruturantes:

- A Vila de Rianxo como feito urbano principal, coa súa extensión cara o norte.
- O nodos urbanos secundario de Taragoña e Asados

En ámbolos dous nodos urbanos compre reforzar tanto a estrutura como as súas funcións, vinculadas co uso e disfrute da costa en Taragoña, e de servizo o seu territorio en Asados.

- O sistema de núcleos rurais histórico-tradicionais de base rural e con apoio e inserción no territorio produtivo, favorecendo as políticas de rehabilitación e de mellora de espazo público.

Como obxectivo complementario está consolidar a defensa, recuperación e posta en valor dos recursos medioambientais e do patrimonio cultural, como base dunha estratexia de actuación municipal.

Entendemos que a utilización do solo rústico non deba efectuarse en contra das tendencias orixinarias para o que se debe concentrar os usos económicos e residenciais nos núcleos de poboación.

Clasificación do Solo. Termo municipal..... 5.880 ha.

As actuais Normas Subsidiarias establecen a clasificación do solo sobre a base da diferenza entre o solo urbano e o solo non urbanizable. Ca entrada da lei 9/2002 coas sucesivas modificacións introduce unhas clases de solo que diferencian os solos en:

Urbano:	220,00 ha.	(3,75 %)	
Solo urbanizable,	31,05 ha.	(0,53%)	
Total.....	251,05ha.	4,28%	2.068 vivendas
Solo núcleo rural.	304,00 ha.	(5,17%)	1.190 vivendas

A capacidade residencial do novo Plan, con previsión para os próximos 16 anos (2030) é de 3.258 vivendas

Solo rústico, establece dúas subcategorías: 5.208,00 ha. (90,55%)

Resultado da aplicación das Normas Subsidiarias de 1985.

Un crecemento lineal nos núcleos rurais e en “mancha de aceita” potenciado pola permisividade da normativa e lexislaturas anteriores

Incremento do Parque Residencial

De 1985 a 2001	400 vivendas	(16 anos)
De 2001 a 2010	1.124 vivendas	(9 anos)

TOTAL construído en 25 anos 1.524 vivendas

A capacidade remanente no solo urbano delimitado polas NNSS para a vila ascende a 300 vivendas aproximadamente.

O PXOM presentado é un documento vivo con posibilidades de ser mellorado, sempre dentro das posibilidades que a Ordenación Urbanística, Medio Ambiente, Pol e demais organismos sectoriais autonómicos e estatais así o permitan.

Son dous meses nos que o PXOM estará exposto publicamente nos baixos do Cuartel Vello para o seu estudo e alegación. Agora é o tempo da participación dos veciños e colectivos interesados na realización dun PXOM para todos.

Respecto da suspensión das licenzas coa aprobación inicial do plan non é na súa totalidade pois determinado tipo de obras que non sexan contrarias ao novo PXOM e actuais NNSSMM, poderán ser concedidas nos termos indicados no texto da proposta.

Espera que o PXOM sexa levado adiante, non é soamente deste grupo de goberno senón que é un documento de perdurabilidade, desexando que sexa apoiado por todos os grupos.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a Adelina Ces Quintáns intervén unicamente para amosar o seu apoio a este documento, engade que considera cómoda a posición do Partido Popular, posto que o BNG sempre pediu desta regulación actualizada cara a defender os intereses de Rianxo. Espera que os veciños o vexan, estuden, aleguen para que culmine un texto o mellor posible para os rianxeiros.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a Vanesa Martínez Duran, pide intervir por alusións e engade que ao PP ensíñanlle o PXOM cando xa está feito, significa que non se busca apoio, non tería dúbida en apoialo se o tiveran claro pero non se contou con eles na redacción así que o estudarán no prazo de dous meses para presentar alegacións. Por ilo rexeita que Carlos Gey dígalle que xogan coas cartas marcadas cando foi o grupo de goberno o que o trae o tema feito.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, pide a palabra para dar resposta, di que se lles convocou a varias reunións e comisións informativas, incluso nunha o Partido Popular chegou a dicir que bastaba cunha tarde.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a Vanesa Martínez Duran, replícalle que daquela o PXOM xa estaba feito.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, di que ten claro que o puxo a disposición do Partido Popular como tamén a algún colectivo.

O alcalde engade que o Partido Popular debe ser o único que non se enterou de cando se estivo redactando o PXOM, iso porque ata case 300 suxerencias se presentaron polos veciños directamente ao grupo redactor.

Tamén quere facer saber que algún compañeiro lles avisou do perigo de traer este acordo a 6 meses das eleccións pero o grupo de goberno decidiu traelo por unha cuestión de responsabilidade, podían esperar e non meterse neste lio neste momento, incide que a Xunta de Galicia deulle a conformidade e é a comunidade autónoma a que pon limitacións como outras que figuran nos informes sectoriais recentemente recibidos, incluso algúns fora do prazo como o da Axencia Galega de Infraestruturas, pero aínda así estudáranse.

Foise prudente para contemplar a redución demográfica, tiveron a coraxe de traballar co equipo redactor, un equipo non contratado polo actual goberno, e ser responsables para rematar o texto e traelo a este pleno.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, sendo APROBADA por 10 votos a favor (5 dos membros do BNG, 5 dos do PSdeG-PSOE) 5 abstencións (5 dos do PP), e cero votos en contra, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

5.- MOCIONS DE URXENCIA

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

5.1.- MOCION DO BNG CONTRA O CANON BIBLIOTECARIO.-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do grupo municipal do BNG Adelina Ces Quintáns xustifica a urxencia na aprobación polo Estado español do establecemento dun canon polo empréstimo de libros, cando non só é un dereito acceder á cultura senón que ademais as Administracións Públicas deben fomentalo.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 15 concelleiros presentes (5 dos membros do BNG, 5 dos do PSdeG-PSOE, 5 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do grupo municipal do BNG, Adelina Ces Quintans, lee a moción:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 1 de agosto, en pleno período vacacional, o Goberno do Estado español publicaba o Real Decreto 624/2014, de 18 de xullo, que obriga ao pago polo empréstimo a arquivos, museos e bibliotecas, un RD que responde ás esixencias da Directiva europea 2006/115/CE, de 12 de decembro de 2006. Trátase dunha directiva pensada para países do norte de Europa, cunha situación cultural moi diferente da estatal e da galega. Estes países, que contan cun sistema bibliotecario que foi sempre o espello no que mirarnos, son considerados paradigma da xestión bibliotecaria tanto pola IFLA (Federación Internacional de Asociacións de Bibliotecarios) como pola UNESCO (Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura). Porén, a situación das bibliotecas galegas está ben lonxe do sistema bibliotecario deses países e o pago do canon non fará máis que empeoralala.

O real decreto determina o pago de dereitos de cada autor@ con base no pagamento dun canon por empréstimo; establece o pago de 0,004€ por empréstimo realizado e 0,05€ por persoa usuaria das bibliotecas. Ademais, sinala que mentres non se poida aplicar o pago por empréstimo, establecerase o canon de 0,16€ por obra adquirida pola biblioteca e dispoñíbel para ser prestada. O RD non ten en conta a situación de Galiza, onde non existe un carné de usuari@ único e onde moit@s usuari@s son soci@s de máis dunha biblioteca e, por tanto, por unha mesma persoa pagarase varias veces. Esta medida é un claro ataque ás bibliotecas públicas, que verán aínda máis diminuídas as posibilidades de actualizaren o seu fondo, e fai recaer o peso do pago sobre os concellos, que son, en moitas ocasións, as administracións que máis invisten en cultura a pesar de dispoñer de menos recursos que outras administracións. A normativa representa tamén un ataque ao dereito da cidadanía á lectura e ao acceso á cultura, prexudicando, máis unha vez, a quen menos ten, pois ao deteriorarse este servizo público dificultarase o acceso á cultura das persoas con menos recursos.

Con este RD dáse tamén o paradoxo de que as bibliotecas que prestan máis servizo e que teñen máis fondos e maior número de empréstimos son prexudicadas ao teren que achegar máis cartos por dar un maior e mellor servizo, feito que vai provocar unha rebaixa no seu nivel de calidade e de servizos prestados e mesmo unha diminución moi importante das súas adquisicións. Chegaremos ao absurdo de obrigarnos a bibliotecas a ter que prestar menos servizos, realizar menos compras e menos empréstimos para que os concellos propietarios desa bibliotecas poidan pagar menos cantidade polo canon.

A situación actual das bibliotecas municipais non é boa, tal e como manifestou reiteradamente a Asociación de Arqueir@s, Bibliotecari@s, Museólog@s e Documentalistas de Galiza (Anabad Galicia), dadas as caídas continuada dos investimentos, tanto nos orzamentos municipais como nos galegos e nos estatais, para todo tipo de actividades, mais sobre todo para a compra de fondos. Á desaparición do programa de cofinanciamento para a adquisición de fondos do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte sumouse a desaparición -tanto en 2011 como en 2014- das axudas da Xunta de Galicia para a compra de fondos para bibliotecas públicas municipais.

Tamén está a vivir un panorama negativo o sector da edición galega, que vai ver como este real decreto o afunde aínda máis. Nun comunicado conxunto de xaneiro de 2014 a AELG, a Asociación Galega de Editores e GÁLIX, denunciaron que o sector da edición galega perdeu desde 2008 o 38 % do seu emprego directo, está a padecer unha redución drástica de fondos destinados á adquisición de novidades editoriais para bibliotecas públicas (un 64,8% menos) e das axudas para a edición de materiais didácticos en lingua galega (un 75 % menos). E isto sucede ao tempo que a compra de fondos está a padecer, como toda a actividade cultural, a suba do gravame do IVE cultural, até o 21%.

Tampouco autoras e autores van saír indemnes do pago se tivermos en conta que moit@s autor@s son coñecid@s e as súas obras son vendidas porque son difundidas nas bibliotecas. Se as bibliotecas deren menor servizo e adquiriren menos fondos será menor a promoción d@s autor@s e est@s deixarán de percibir ingresos por dereitos de autoría.

Non se pode facerle pagar por ler á cidadanía, por iso cómpre defender a biblioteca entendida como espazo xerador de cultura coa participación activa das persoas usuarias. Para isto, é necesario un impulso desde a Xunta de Galicia e a defensa do libro e da cultura galega, do produto cultural propio, de calidade, asequíbel e accesíbel a toda a cidadanía.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado español a paralización do Real Decreto 624/2014.
 2. Trasladar este acordo ao presidente do Estado español, ao presidente da Xunta de Galiza e aos grupos parlamentares no Parlamento galego.
 3. O Pleno do Concello comprométese a defender ás bibliotecas municipais como espazos xeradores de cultura polo que garantirá orzamento adecuado para a compra de fondos.
 4. Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha as medidas necesarias para comprometer un plan de mellora, modernización e coordinación da rede bibliotecaria pública galega.
 5. Instar á Xunta de Galiza a que destine as partidas orzamentarias suficientes para que as bibliotecas públicas galegas alcancen as recomendacións dos organismos internacionais, a IFLA e a UNESCO, en canto a estándares de calidade.
- O Concello sumarase as campañas postas en marcha contra o CANON BIBLIOTECARIO.>>

O alcalde abre a quenda de intervencións.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Durán, amosa o seu asombro porque o BNG lle estrañe a publicación en período estival, pois os gobernos do PP nos diferentes niveis das Administracións Públicas non coñecen de vacacións, non colgan o cartel de “pechado por vacacións”. Segue dicindo que o Real Decreto 624/2014, do 18 de xullo, desenvolve o dereito de remuneración aos autores polos préstamos das súas obras realizados en determinados establecementos accesibles ao público, concretamente nas bibliotecas públicas de España. Este Real Decreto aplica na lexislación española o contido da Directiva europea 2006/115/CE, de obrigado cumprimento para todos os Estados europeos sen excepcións, que recoñece ese dereito dos autores a unha remuneración motivada para a difusión das súas obras. Cómpre lembrar que o Goberno socialista en 2007 anunciara que as bibliotecas públicas de España quedarían eximidas do pagamento do canon, o cal provocou que a Unión Europea incoara un expediente sancionador contra España. Polo tanto, trátase dunha norma que debe ser posta en marcha de maneira obrigatoria en todos os Estados europeos, porque supón conciliar os dereitos de retribución dos autores coa difusión dos materiais impresos e audiovisuais que se realizan dende as bibliotecas públicas. A moción do BNG é alarmista e quere confundir á cidadanía e aos profesionais das bibliotecas xa que:

- suxire que a Directiva europea se pode aplicar ou non, ao antollo dos gobernos nacionais, pola contra resulta que é de obrigado cumprimento e faise a través do estipulado no Real Decreto aprobado polo goberno español.

- da a entender que este canon vai derivarse aos usuarios das bibliotecas, cando non se prevé medidas deste índole nesa dirección no Real Decreto. Polo tanto, as bibliotecas seguirán sendo gratuítas para garantir o acceso da cidadanía a un servizo básico cultural de calidade. En ningún caso suporá carga para o usuario. É falso.

- insta á Xunta de Galicia a desenvolver actividades que xa está a realizar, baixo a falsa premisa que non houbo melloras, modernización ou coordinación da rede de bibliotecas públicas de Galicia ou que carecemos de partidas para a mellora das coleccións.

En realidade dende a Xunta, igual que dende os concellos e deputación galegas, estase poñendo todos os medios para seguir prestando un servizo de calidade, axustados a unhas condicións orzamentarias e de recursos humanos difíciles.

Remata a súa intervención a voceira do PP dicindo que a Xunta de Galicia considera o libro e a lectura como obxectivos prioritarios das súas políticas educativas e culturais e segue impulsando medidas realistas e eficaces que permitan apoiar a todas as partes implicadas nese ámbito.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Herme, di que partindo que a moción é do grupo municipal do BNG manifesta o escasamente simpático que lle parece que se veña coas intervencións feitas dende “arriba” dicindo que non pagarán os usuarios senón as bibliotecas municipais, onde xunto aos recortes existentes agora chega o canon que carga unha vez máis as bibliotecas municipais. Outra cousa son a Biblioteca de España ou a biblioteca de Madrid.

A voceira do grupo municipal do BNG Adelina Ces Quintáns pide intervir por alusións para

dicirlle a voceira do Partido Popular que como dixo o voceiro do PSOE o canon non o pagan os lectores senón o concello pero isto sairá dos impostos municipais. O Concello de Rianxo afrontará este canon por imperativo legal, engade que a asociación de autores manifestara o seu rexeitamento a recibir dereitos por lectura en biblioteca municipal, que seguramente non o van cobrar eles.

O alcalde toma a palabra dicindo que sabe que a concelleira do Partido Popular non o ten que crer pero pode preguntar á bibliotecaria municipal que número de libros ofrecidos pola Comunidade Autónoma tense reducido, o que acontece tamén coas actividades de fomento da lectura.

Sométese a moción recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por 10 votos a favor (5 dos membros do BNG e 5 dos do PSdeG-PSOE), abstencións cero e 5 votos en contra (5 dos membros do PP) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

5.2.- MOCION DO BNG PARA A CONDONACIÓN DAS DÉBEDAS DOS MONTES CONSORCIADOS E CONVENIADOS.-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O concelleiro do grupo municipal do BNG Xoan Vincenzo Ces Rodríguez defende a urxencia na necesidade de incluír nos orzamentos de 2015 da Xunta de Galicia a partida para a condonación das débedas destes montes.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 15 concelleiros presentes (5 dos membros do BNG, 5 dos do PSdeG-PSOE, 5 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

O concelleiro Vincenzo Ces Rodríguez da lectura á moción:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os montes veciñais en man común ocupan 1/3 do territorio galego (sobre 650.000 hectáreas). Están xestionados democraticamente por unhas 3 000 comunidades de montes, que conforman un censo de aproximadamente 250 000 veciños e veciñas comuneiros. Son, ademais, un sinal de identidade da nosa nación.

Os montes veciñais en man común cumpren as funcións sociais, económicas e ambientais que todo monte debe cumprir. Unha parte considerábel dos orzamentos das comunidades de montes destínase á mellora do propio monte (o que beneficia a sociedade no seu conxunto) e outra parte dedícase a obras de carácter social, comunitario e a actividades socioculturais (o que repercute na mellora da calidade de vida dos habitantes dos concellos).

A Lei de montes de Galiza actualmente vixente (Lei 7/2012, do 25 de xuño, na súa Disposición transitoria novena dita que se no mes de agosto do ano 2016 as comunidades de montes que teñen os seus montes veciñais consorciados ou conveniados non pagan o saldo debedor que teñen, están obrigadas a asinaren un contrato de xestión con unha empresa forestal privada.

As débedas (supostas e falsas) que teñen as comunidades de montes consorciadas ou conveniadas, para alén de teren erros contábeis (sempre en contra das comunidades de montes), son inxustas xa que parten dun roubo que parte de cando o réxime franquista lle usurpou os montes veciñais á veciñanza comuneira para llelos entregar a diversas administracións públicas.

Non hai ningunha razón legal, xurídica e técnica, para non condonar as débedas (supostas e falsas) que teñen os montes veciñais consorcios e /ou conveniados. A Lei de montes do Estado (Lei 43/2003, do 21 de novembro,

modificada pola Lei 10/2006, do 28 de abril), que é unha lei marco, na súa Disposición adicional segunda permite a condonación das débedas dos montes consorciados e/ou conveniados sempre que o titular da terra se comprometer a xestionala mediante un instrumento de xestión.

O feito de a Consellaría de Medio Rural e do Mar optar por non condonar as débedas dos montes veciñais consorciados e/ou conveniados ten un claro obxectivo político: arrancarlle 300.000 hectáreas de terra á veciñanza comuneira para llelas entregar de balde ás empresas forestais privadas. Esta xestión privada dos montes veciñais en man común non estará obrigada por lei a investir o 40% dos ingresos na mellora do monte e moito menos a investir de xeito voluntario en obras de carácter social e comunitario (traídas de auga, centros socioculturais, asfaltado de camiños, zonas de lecer...), e en actividades socioculturais (grupos musicais, teatro, bandas de música, grupos de baile...), o que repercutirá negativamente na calidade de vida de galegas e galegos.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Instar á Consellaría do Medio Rural e do Mar a que nos orzamentos xerais da Xunta de Galiza para o ano 2015 se dote dunha partida orzamentaria para a condonación das débedas dos montes consorciados e/ou conveniados.

2. Apoiar a manifestación que co lema "condonación das débedas dos consorcios e dos convenios" e convocada pola Orgacmm terá lugar o día 22 de novembro de 2014 en Santiago de Compostela >>

O alcalde abre a quenda de intervencións.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que non é posible a petición da moción porque sería contraria a Lei e por ilo o voto do Partido Popular será en contra. Non se debe mentir nin facer política empezando pola falsidade de que os montes non se lle poden quitar aos propietarios xa que segundo o artigo 2 da Lei de montes veciñais son inalienables, imprescritibles e inembargables, e non están suxeitos a ningunha contribución de base territorial nin á cota empresarial da Seguridade Social. Non se lles vai sacar para darlo a ninguén: a xestión do monte, unha vez resolto o convenio previo pódese facer con quen estimen os comuneiros, directamete ou encomendarlla a un xestor, polo tanto, a comunidade propietaria ten a capacidade para decidir como xestiona o monte. Non é certo que a xestión privada dos montes veciñais exima de ter que reinvertir o 40% dos ingresos no monte, e coa cota de investimento non cabmia nada. Débese reinvertir no monte o que o monte produce.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, di que é a Xunta de Galicia a que quere facerse con esa débeda, e non inverte ese diñeiro na reforestación do monte en beneficio do monte e dos propios comuneiros. Non se ofrecen pola Xunta de Galicia os números exactos do que se debe en inversión, e esta situación leva aos comuneiros a unha situación límite, de supervivencia, que aboca a estas comunidades á súa desaparición. A Xunta de Galicia non fai limpeza nin arranxa os camiños, non leva a cabo os plans e campañas que debería e agora pretende o cobro a estas comunidades dun diñeiro que non dispoñen, aforcándoos para logo desvialas a mans privadas.

Sométese a moción recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por 10 votos a favor (5 dos membros do BNG e 5 dos do PSdeG-PSOE), abstencións cero e 5 votos en contra (5 dos membros do PP) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

5.3.- MOCION DO BNG CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA.-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O concelleira do grupo municipal do BNG Hadriana Ordoñez Otero defende a urxencia dicindo que, desgraciadamente, a violencia de xénero se trata dun tema urxente calquera día.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 15 concelleiros presentes (5 dos membros do BNG, 5 dos do PSdeG-PSOE, 5 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A concelleira do BNG expón o texto da moción.

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia machista é unha realidade que golpea día tras día as mulleres deste país. O 24 de marzo deste mesmo ano a Secretaria Xeral de Igualdade facía público o Informe anual de seguimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que deixaba uns datos demoledores e que recollía as medidas implementadas pola Xunta de Galiza, que esta xulga oportunas cando todos os indicadores sinalan que son claramente insuficientes. Para as mulleres e as organizacións que loitamos contra a violencia machista, é un feito incontestábel que non podemos continuar a contar o número de mulleres asasinadas e os numerosos casos de agresións físicas e psicolóxicas sen tomar medidas urxentes que impliquen o conxunto da cidadanía e trasladen ás mulleres un verdadeiro apoio e a garantía de se respectar o seu dereito a vivir unha vida digna sen violencia.

Para alén desta consideración, levan causado un forte escándalo social as declaracións humillantes e vexatorias para as mulleres que diferentes cargos institucionais realizan de maneira impune, contribuíndo a crear un clima de indefensión e de inseguranza que nada axuda a crear a conciencia necesaria de que a violencia machista só pode merecer a tolerancia cero desde institucións e organizacións políticas.

O feito de que ano tras ano as administracións non sexan capaces de frear a violencia contra as mulleres e de crear conciencia na sociedade para facer efectiva a prevención e/ou resposta inmediata, indigna amplos sectores da cidadanía que constatan inexistencia de medidas reais que cheguen a todos os ámbitos da vida e que sirvan, dunha vez por todas, para demostrar que o compromiso coa loita conta o machismo é unha prioridade política absoluta.

É responsabilidade do conxunto da cidadanía e, en particular, das persoas con responsabilidades políticas, garantir o cumprimento das leis orgánica e galega, protexer as vítimas da violencia machista e as/os menores ao seu cargo, esixir que os medios de comunicación non contribúan a crear e manter prexuízos sexistas, traballar para que a comunidade educativa eduque verdadeiramente en igualdade e denunciar todas e cada unha das agresións que as mulleres sofren no día a día.

Co obxectivo de exercer este compromiso día a día, no marco da celebración todos os días dos contidos que só parecen existir arredor da data do 25 de novembro, Día Internacional contra a violencia contra as mulleres, a Corporación municipal.

Acorda:

1.- Trasladarlle á Xunta de Galiza o urxente desenvolvemento lexislativo do artigo 39 da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, de xeito que se recolla, como mínimo:

- A regulación das axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero co obxectivo de establecer baremos de renda non inferiores aos que se recollían nas convocatorias dos anos 2006, 2007, 2008, 2009 e 2010 e eliminando a incompatibilidade do cobro desta axuda no caso de se beneficiar con anterioridade das medidas recollidas neste artigo.

- A garantía de que o prazo de presentación de solicitudes desta axuda está aberto durante todo o ano.

- A fixación dun prazo máximo de 30 días para a resolución e o pagamento efectivo das axudas desde o momento da súa solicitude.

- A ampliación da duración das axudas a 18 meses prorrogábeis até 24 meses segundo a situación da vítima.

2. Apoiar o asociacionismo que traballa no combate contra a violencia de xénero e desenvolver, en colaboración co tecido social, unha campaña urxente de concienciación sobre a responsabilidade social e a necesidade de illar os agresores.

3. Elaborar un plan de formación especial para o persoal que traballa con mulleres vítimas de violencia de xénero.

4. Esixir o cumprimento da normativa en publicidade sexista, chegando a romper patrocinios con aqueles medios que o incumprisen.

5. Ser exemplares na loita contra a violencia cotiá e os micromachismos e, por tanto, rexeitando e esixindo

responsabilidades políticas a aquelas persoas con cargos institucionais que fixeren declaracións machistas.

6. Diseñar un plan de sensibilización permanente contra a violencia machista que englobe ao conxunto da sociedade.>>

O alcalde abre a quenda de intervencións.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que se van abster.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, amosa o seu apoio a moción.

Sométese a moción recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, sendo APROBADA por 10 votos a favor (5 dos membros do BNG e 5 dos do PSdeG-PSOE), 5 abstencións (5 dos membros do PP) e cero votos en contra dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

5.4.- MOCION DOS 3 GRUPOS MUNICIPAIS APOIANDO A PROPOSTA ACHEGADA POLO SECTOR MEXILLOEIRO.-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

Recíbese o texto a última hora pero os grupos municipais están de acordo en traelo como moción por urxencia.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 15 concelleiros presentes (5 dos membros do BNG, 5 dos do PSdeG-PSOE, 5 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

O alcalde comenta o texto da proposta que é o seguinte:

<<Exposición de Motivos:

Con ocasión da recente revisión da Política Común de Pesca o Regulamento da Organización Común de Mercados da Pesca e da Acuicultura establece que a partir do 13 de decembro do 2014 se aplicará en toda a Unión Europea unha nova normativa de etiquetado dos produtos da pesca e da acuicultura, que deixa fora destas obrigas aos produtos da pesca e da acuicultura transformados e en conserva, entre eles o mexillón.

Esta nova situación legal permite ocultar a orixe do mexillón procedente de terceiros países transformado ou en conserva, prexudica ao consumidor nos seus dereitos e intereses, favorece ás empresas que comercializan mexillón foráneo ocultando información en claro prexuízo das empresas que procesan mexillón cultivado en Galicia, o que repercute directa e negativamente no emprego e no sector primario, e consecuentemente na economía costeira e ás familias.

O mexillón configura un sector estratéxico na economía local de Galicia. A Xunta de Galicia afirma que o sector do mexillón xera en Galicia mais de 30.000 postos de traballo, incluídos os que se induce en diversas actividades: empresas destinatarias do mexillón (procesadores, cocedoiros, conserveiras, depuradoras de moluscos, centros de conxelación e pasteurización...), así como nas empresas provedoras da industria (estaleiros, cordeiras, carpintería, montaxes e maquinaria...) e nas actividades auxiliares e de apoio, como transportes, centros de investigación, formación e control do medio mariño, etcétera. Á importancia económica da industria do mexillón, únese o valor social que adquire nos municipios costeiros, xa que ten a capacidade de irradiar beneficios socioeconómicos a amplas capas da poboación, converténdose nun mecanismo de distribución e reparto de riqueza no entorno local que incentiva a implantación de actividades e pequenos negocios.

O Regulamento (UE) 1169/2011 establece que a Comisión Europea elaborará e presentará antes do 13 de decembro do 2014 ao Consello e ao Parlamento Europeo, un informe e unha proposta de modificación normativa, sobre a indicación obrigatoria do país de orixe ou do lugar de procedencia dos ingredientes que representan mais do 50% dun alimento, cal é o caso do mexillón transformado ou en conserva.

Esta é unha nova oportunidade para recuperar o dereito do consumidor a ser informado, e unha nova oportunidade para a defensa do Mexillón de Galicia e dos múltiples intereses a el vinculados, e debe ser o propio sector quen lidere esta defensa.

Nesta liña o Consello Regulador do Mexillón de Galicia ten elaborado un documento -dispoñible na dirección electrónica que de seguido se cita- dirixido e presentado á Comisión Europea informando da situación específica do Mexillón de Galicia e solicitando que o mexillón sexa incluído no informe e na necesaria modificación normativa:

<http://www.mexillondegalicia.org/images/pdf/InformeComisionR11692011GAL.pdf>

Dito informe foi trasladado á Conselleira do Medio Rural e do Mar, así como a os candidatos dos partidos parlamentarios galegos ao Parlamento Europeo. Tamén ás organizacións de consumidores, organizacións sindicais, profesionais, etc. solicitándolles a súa adhesión á finalidade do mesmo, e todas cantas propostas e accións contribúan a dita finalidade.

Así pois, para reforzar estes argumentos positivos e contribuír a acadar o obxectivo de etiquetar debidamente os produtos transformados e conservas do mexillón, propoñemos que o Pleno debata esta proposta e acorde:

1. defender a obriga de indicar a especie e o país de orixe na etiquetaxe do mexillón transformado e en conserva, e a consecuente modificación normativa correspondente.
2. que se leven a cabo as accións oportunas para instar á Xunta de Galicia a recoller as propostas formuladas no documento do Consello Regulador do Mexillón de Galicia a fin de darlle traslado á Comisión Europea co apoio aquí manifestado.>>

O alcalde abre a quenda de intervencións.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, di que grazas a Carmen Fraga que no seu momento non apoiou o etiquetado do mexillón galego en Bruxelas agora está en perigo de confundirse este produto de gran calidade co de outras procedencias.

A voceira do grupo municipal do BNG Adelina Ces Quintáns di que se ben non puido ver a proposta achegada, está claro que a Unión Europea pensa pouco en España, como púidose ver no dos produtos tranxenicos, o sector mariñeiro etc.

O alcalde di que é curioso que as campesiñas do mercado téñense que identificar e sen embargo os mexillóns poden vir de todos os lados

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que a apoian.

Sométese a moción recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, sendo APROBADA por unanimidade dos 15 votos a favor (5 dos membros do BNG e 5 dos do PSdeG-PSOE, 5 dos membros do PP) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, formula a seguinte pregunta que lle trasladaron:

P1. - Por que pecha a Casa de Manuel Antonio os días 31 de outubro e 1 de novembro preto dunha data sinalada pola carreira pedestre (di que traslada esta pregunta que lle fixeron)

O alcalde dille que posiblemente por ausencia de persoal ese día, a ver si se levanta a taxa limitada de reposición que o goberno español estableceu e así poden afrontar estas situacións.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 21:33 minutos, de orde da Presidencia, ábrese os ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 21:34 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde
Adolfo F. Muíños Sánchez

A Secretaria
Carolina Costoya Pardo